

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 6 de xullo de 2016

### Asistentes:

Pita Grandal, Ana María  
Allegue Aguete, Pilar  
Aneiros Pereira, Jaime  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Fernández Acevedo, Rafael  
Torres Pérez, Francisco

Barahona Martín, Magdalena  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Fuenteseca Degeneffe, Margarita  
Ibáñez Paz, Regina  
Manzano González, Baltasar  
Mariño de Andrés, Ángel  
Martínez Hens, Helena  
Rodríguez Damián, Amparo  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar

Diéguez Rodríguez, Xosé Miguel  
García Espadín, Desirée  
Guerrero Gesteira, Isabel  
Rivera González, Paula  
Vilas Pérez, José Ramón

Castro Abreu, José Carlos de  
Rubianes Ferro, José Luis

López Prieto, Nieves  
Ramil Vázquez, Paula

### Excusan asistencia:

Bravo Bosch, María José  
García Gestoso, Noemí  
Grande Seara, Pablo  
Jiménez Alemán, Aday  
Macías Cambra, Enrique  
Martínez Táboas, Teresa  
Montesinos Padilla, Carmen  
Muleiro Parada, Luis Miguel

O 2 de xuño de 2016, ás 13:00 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, de axustes nos horarios.
4. Aprobación, se procede, de transferencias de créditos orzamentarios.
5. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias do primeiro curso do grao en Dereito.
6. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias do primeiro curso do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
7. Adopción de acordo, se procede, en relación coas guías docentes de segundo, terceiro e cuarto curso dos Graos.
8. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias dos Másters da Facultade.
9. Aprobación, se procede, das alegacións ao informe de seguimento do Máster Universitario en Menores en situación de desprotección e conflito social.
10. Rolda de intervencións.

### 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión anterior (2 de xuño de 2016) coas seguintes correccións:

-no punto 4, en relación coa aprobación dos horarios da Simultaneidade ADE-Dereito, a última frase debe quedar redactada do seguinte xeito: “Apróbanse, por asentimento, os horarios da Simultaneidade ADE-Dereito (Anexos III, IV, V, VI, VII e VII)”. Así mesmo, se inclúen como documentos adxuntos ó Acta os anexos dos horarios da Simultaneidade ADE-Dereito

relativos ao terceiro curso, tal e como foran enviados aos membros da Xunta.

-como consecuencia deste cambio, no punto 7, a referencia ao anexo VII, debe corrrixirse por “Anexo IX”.

-na páxina 21, ao final da páxina onde se di: 2º curso, debe dicirse, 3º curso.

-inclúese a profa. María José Bravo Bosch entre os membros da Xunta que escusara asistencia.

## **2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana da conta dos informes recibidos pola ACSUG relativos ás acreditacións dos Másters de Abogacía, e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Polo que atinxe ao Máster en Abogacía, un dos aspectos que precisan de mellora é o número de profesores asignado as materias, no senso de que debe ser reducido. A Decana informa de que nunha Comisión de Calidade celebrada con carácter previo a esta Xunta aprobouse unha recomendación para que se atenda ao número de profesores tendo en conta o número de créditos da materia. Polo que atinxe á titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos, un dos problemas expresados no informe é que o número de profesorado con actividade investigadora é moi reducido. O plan de mellora vai na dirección de que non todo o profesorado asociado sexa asignado á devandita titulación.

## **3. Aprobación, se procede, de axustes nos horarios.**

A Decana explica que algúns dos cambios que se producirán nos horarios, respecto dos documentos enviados para a súa aprobación na Xunta anterior xa foran aprobados por delegación na Xunta anterior, en particular o relativo a materia “ Principios de Economía” do Grao en Dereito, de xeito que as clases prácticas dos venres, se sitúan na franxa das 10:20 hs, e á materia “Dereito Civil III”, de xeito que o horario inicialmente fixado para esta materia os martes e xoves se intercambia co fixado para a materia “Dereito Administrativo”. Ademais, corríxese o horario da materia Dereito Penal II, engadindo cinco minutos, respecto do horario inicialmente fixado.

Outro axuste necesario é o relativo á materia “Dereito Procesual Penal”. A Decana explica que por un erro no volcado da PDA, a materia figuraba no segundo cuatrimestre, cando é unha materia do primeiro cuatrimestre. Deste xeito, os grupos prácticos se colocan na mesma franxa horaria que os de Dereito Mercantil e Dereito Procesual, isto é, os mércores e xoves na franxa horaria das 16:00 hs en diante, e a teoría se pasa ós xoves e venres de 19:00 hs. en diante.

Por outra banda, no Decanato observouse que nos horarios das materias a extinguir de cuarto curso do Grao en Dereito, co horario fixado, os alumnos tiñan moi reducida a capacidade de matricularse en materias optativas, polo que se propón o seguinte cambio: A materia “Economía Española e da Unión Europea” pasa do luns ao mércores, e do martes ao xoves , sendo o seu horario definitivo: mércores de 16:00 a 18:00 e xoves, de 17:00 a 19:00 hs.

Ademais, ao trasladarse Dereito Procesual Penal ao cuatrimestre que lle corresponde (primer cuatrimestre), se reordena a docencia das materias optativas, pasando a impartirse Constitución

Económica os miércoles e xoves de 15:00 a 17:00 horas, Dereito Marítimo os luns e martes de 17:00 a 19:00 hs., Dereito do Comercio Internacional, o luns de 19:00 a 21:00 hs. e o mércores de 17:00 a 19:00 hs. e Responsabilidade Civil os martes de 19:00 a 21:00 hs. e o venres de 12:00 a 14:00 hs.

Finalmente, debido á notificación da coincidencia de horarios do profesor da materia “Dereito do comercio internacional” e de mutuo acordo cos profesores afectados, permútanse as crases das devanditas materias dos mércores de 17:00 a 19:00 hs. (horario no que se impartirá “Dereito administrativo económico” e xoves de 19:00 a 21:00 hs. (horario no que se impartirá “Dereito do comercio internacional”).

Apróbase por asentimento, os axustes nos horarios.

#### **4. Aprobación, se procede, de transferencias de créditos orzamentarios.**

A Decana explica que a proposta de transferencias é para ampliar a partida de reparacións e poder continuar, deste xeito, coa instalación de lámpadas LED en máis despachos. Explica que queda sen facer a reparación das cortinas da parede norte, pois parece menos urxente. A transferencia que se vai realizar supón a minoración da partida “Mobiliario e equipamento” para incrementar a partida de “Reparacións”.

#### **5. Aprobación, se procede, das guías docentes do primeiro curso do Grao en Dereito.**

A Decana explica que, de acordo cos informes da coordinadora, as materias do primeiro curso do Grao en Dereito no presentan ningún problema polo que se someten a súa aprobación tal e como se enviaron aos membros da Xunta e se atopan no Decanato como documentos anexo a este Acta.

Apróbanse, por asentimento, as guías docentes do primeiro curso do Grao en Dereito tal e como foron enviadas aos membros da Xunta.

#### **6. Aprobación, se procede, das guías docentes do primeiro curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

A Decana explica neste punto que fai anos tróuxose a esta Xunta, nun apartado relativo a normas para a elaboración das guías docentes, para a súa adopción, un acordo polo que se limita ba o número de profesores por materia: dous profesores para materias de 6 créditos ECTS, e tres profesores para materias de 9 créditos ECTS. O ano pasado, cando foi posible desdobrar os grupos teóricos e prácticos, en varios casos, non era posible respetar ese límite, debido aos recoñecementos docentes do profesorado. Nestes casos, as guías docentes foron aprobadas, coa recomendación de que se seguise respetando que a cada grupo de alumnos non lle correspondese máis de dous profesores (para materias de 6 créditos) nin máis de tres (para materias de 9 créditos). Dado que non foi posible atopar o acordo, na Comisión de Calidade celebrada no mesmo día de celebración desta Xunta e con carácter previo, abordouse un punto sobre este tema, e ratificouse a recomendación de que haxa un número máximo de profesores que o seguinte: dous profesores para materias de 6 créditos, e tres profesores para materias de 9 créditos, salvo que haxa desdoblamento de grupos, caso no cal se pode aumentar razoablemente o número de profesores de xeito que pode haber tres profesores no primeiro caso, e catro profesores no segundo, sempre que se garanta que aos grupos de alumnos non lle corresponden máis de dous no primeiro caso, e de tres, no segundo.

A Decana explica que esta recomendación, tráese, como acordo, para a súa aprobación no punto sétimo da orde día. Explica neste momento esta cuestión porque na titulación de RRL detectouse un problema coa materia “Teoría de Dereito”, de 6 créditos, con tres profesores. O profesor Baltasar Manzano manifesta, neste momento, que a materia que imparte, “Principios de Economía” conta tamén con tres profesores. A Decana propón que se aproben todas as guías docentes do Grao en RRL baixo a condición de que se adopte o acordo no punto 7, e que este acordo se aplique respecto de “Teoría do Dereito” e “Principios de Economía”. De non adoptarse o acordo, o coordinador do Grao tería que facer as xestións necesarias e traeríanse para a súa aprobación na próxima Xunta.

A Decana explica que está aberta a que se discuta o tema do número máximo de profesores por materia e que someterá a cuestión a súa aprobación, como acordo, por parte dos membros da Xunta, pero resalta que se trata de observacións que se van facendo aos informes das titulacións, e que o tema se puxo de manifesto o tema con ocasión do PAT por parte do alumnado. Engade que se conseguiu certificar o SIGC foi grazas a uns criterios obxectivos que garanten unha serie de obxectivos na interese do alumnado.

A profesora Magdalena Barahona pide á Comisión de Calidade que adopte unha recomendación no senso de que incorpore o criterio da calidade da docencia á hora de asignar a docencia do profesorado, e que non se adopten certas fórmulas que inciden negativamente nos resultados pedagóxicos. Pide que a Comisión de Calidade incorpore un criterio lóxico e racional á hora de implementar fórmulas de docencia compartida. A Decana explica que de acordo coa normativa de titulacións a Comisión de Calidade debería tomar ese tipo de decisións, dado que as titulacións son avaliadas tendo en conta o centro. Sen embargo, destaca que as competencias de organización docente están repartidas entre os Departamentos e os Centros, aínda que os Centros non se someten a acreditación. A Decana explica que o tema que expón a profesora Barahona se podería levar a unha Comisión de Calidade para que esta recomende que esta Xunta reivindicase as materias que en organización docente lle correspondan.

O profesor Baltasar Manzano expón que a recomendación da Comisión de Calidade sobre o número máximo de profesores por materia é incompatible coa organización da docencia para os profesores que teñen docencia en máis dun Centro, pola cuestión dos horarios.

A alumna Paula Rivera intervén para sinalar que na materia de “Organización de Empresas”, no apartado relativo á avaliación non se mostra unha nota mínima que deba acadarse no exame final para que se teña en conta a calificación da avaliación continua. A Decana explica que se esa calificación non aparece na guía docente, o profesor non pode esixila despois.

Apróbanse, por asentimento, tódalas guías docentes da titulación RRL nas condicións explicadas.

## **7. Adopción de acordo, se procede, en relación coas guías docentes de segundo, terceiro e cuarto curso dos Graos.**

A Decana reitera o explicado no punto sexto da orde do día en relación coa cuestión levada á Comisión de Calidade en relación coa conveniencia de establecer un número máximo de profesores por materia. Explica que primeiro na Comisión de Calidade se preguntou se se ratificaba a decisión de que se adopte un número máximo. A Comisión de Calidade (salvo cun voto), ratificouse no acordo de que se estableza o devandito límite. En segundo lugar, preguntouse se se ratificaba o número de profesores, ao que a Comisión decidiu manter o número de profesores nos termos explicados no punto anterior. A Decana explica que o que

impulsa a reiteración, é que nos informes de avaliacións das titulacións valoran negativamente un número excesivo de profesores por materia.

O profesor Pablo Fernández Carballo-Calero intervén para expresar a súa posición de que o criterio de calidade non ten nada que ver co número de profesores, sempre que a materia estea ben coordinada. Explica que na súa opinión, e no caso da materia que coordina, o que perxudica ao alumando é que o prof. Julio Costas non imparta antitrust ou o prof. Anxo Tato non imparta Dereito da publicidade. Non lle parece adecuado que para solucionar algún problema dunha área concreta se dicte unha norma xeral que, entende, que no caso da materia que coordina, é perxudicial para o alumnado.

A Decana explica que a Xunta de Facultade aprobara un manual de calidade, con criterios impostos polo sistema universitario galego. O criterio que adoptouse na Comisión de Calidade, explica a Decana, ten que ver coa organización docente. A Decana engade que a especialización do profesorado non pode terse en conta para aumentar o número de profesores por materia, e que o criterio limitativo rexe para todos.

O profesor Pablo Fernández Carballo-Calero di que a consecuencia da aplicación de devandito criterio, xera un perxuício para a súa materia. Aclara que él non quere un trato especial para a súa materia, mais que pensa que a norma non é adecuada.

Sométese a aprobación o acordo de que haxa un número máximo de profesores que o seguinte: dous profesores para materias de 6 créditos, e tres profesores para materias de 9 créditos, salvo que haxa desdoblamento de grupos, caso no cal se pode aumentar razoablemente o número de profesores de xeito que pode haber tres profesores no primeiro caso, e catro profesores no segundo, sempre que se garanta que aos grupos de alumnos non lle corresponden máis de dous no primeiro caso, e de tres, no segundo.

O resultado da votación foi o seguinte: dez votos a favor, seis votos en contra, e tres abstencións.

A Decana di que se dará traslado do acordo ás áreas afectadas.

O profesor Baltasar Manzano explica que este acordo plantexa un conflito co POD aprobado polos Departamentos.

A alumna Paula Rivera di que a Comisión de Calidade non tería que adoptar este tipo de recomendación se a Xunta de Facultade tivese un regulamento propio na materia.

O alumno José Ramón Vilas Pérez explica que non lle parece adecuado o sistema de avaliación das materias de “Dereito Penal I” e “Dereito Penal II”. A Decana di que este tema vai ser obxecto dunha próxima Xunta e que a Comisión de Calidade adoptó recomendacións de correccións para que se estimule o sistema de avaliación continua, que vai trasladar á área.

## **11. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias dos Másters da Facultade.**

Apróbanse, por asentimento, as guías docentes dos Másters da Facultade tal e como foron enviados aos membros da Xunta e figuran como anexo da acta na sede do Decanato.

**11. Aprobación, se procede, das alegacións ao informe de seguimento do Máster Universitario en Menores en situación de desprotección e conflito social.**

Apróbanse, por asentimento, as alegacións ao informe de seguimento do Máster Universitario en Menores en situación de desprotección e conflito social, tal e como foron enviadas aos membros da Xunta e figuran como anexo da acta na sede do Decanato.

**12. Rolda de intervencións.**

Non houbo.

Finaliza a sesión, sendo as 14:45, do que como secretaria dou fe.

SECRETARIA